

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2015 pola que se publica a relación de expedientes excluídos das dúas seguintes convocatorias de axudas para proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia en que poidan ser beneficiarios.

O 26 de xaneiro de 2015 publicouse a Resolución do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) do 26 de decembro de 2014 (DOG núm. 16), pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2015.

Mediante Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 8 de maio de 2014 apróbanse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, e anúnciase a convocatoria para o ano 2014. O artigo 29 destas bases reguladoras dispón que aqueles beneficiarios da axuda que na data máxima de remate e xustificación da operación prevista no artigo 19 non renunciaren expresamente a ela e non executasen nin xustificasen o proxecto, sen causa debidamente xustificada e comunicada á Agader, quedarán excluídos das dúas seguintes convocatorias para proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia en que poidan ser beneficiarios.

Unha vez rematado o prazo de xustificación dos investimentos, e vista a relación de expedientes e beneficiarios que se atopan na situación antedita, remitida por Agader ao Inega con data do 2 de febreiro de 2015,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de solicitantes que están excluídos das dúas seguintes convocatorias de axudas do Inega para proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia en que poidan ser beneficiarios, ao atoparse na data máxima que fixa o artigo 29 da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 8 de maio de 2014 como data límite para a xustificación dos investimentos, o 21 de novembro de 2014, nalguna das situacións previstas no citado artigo 29.



Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co previsto nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, pódese interpor recurso administrativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun (1) mes contado do mesmo xeito, tal e como dispoñen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo doutros recursos que se consideren oportunos.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2015

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Solicitantes excluídos das dúas seguintes convocatorias de axudas

IN421G. Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa

Beneficiarios que non xustificaron nin presentaron renuncia	
Promotor	NIF
Marcos Atrio Domínguez	44450729D
María Nieves Crespo López	34943206L
Club Santo Domingo	G32004244
José Luis Fernández Pedreira	35965310A
José Jesús Vila Pereiro	76605173Q
Rosa Maribel Blanco Ledo	34600175X
Juan Ángel Concheiro Linares	33266987V
Ramona Feijoo Quinteiros	34562528Z
Concello de Monforte de Lemos	P2703100D
José Benito Rodríguez Lomba	35557351H
Edmundo Rodríguez Díaz	34228951Y
Nor Rubber, S.A.L.	A36378214
Granxa Xesteira	J15092372



Beneficiarios que non xustificaron nin presentaron renuncia	
Promotor	NIF
San Diego, C.B.	E32274995
María Mercedes Vázquez Fernández	76607021R
Concello da Lama	P3602500E
Óscar Tomás Concheiro Liñares	33266954F
Concello da Pobra de Trives	P3206400H
Concello de Vilardevós	P3209200I
María Esther Álvarez Costa	35312670B
Ofelia Emilia Recimil García	35248130D
Juan Carlos Concheiro Barreiro	33179416F
Concello de Chantada	P2701600E
Fogar do Selmo, S.L.	B15974876
Samuel Díaz Ramos	34246878Q
Consellería de Traballo e Benestar	S1511001H
Concello de Ponteceso	P1506900H
Concello de Pontearreas	P3604200J
Beneficiarios que presentaron renuncia fóra de prazo	
Promotor	NIF
Concello de Cualedro	P320290A
Carlos Busto, S.L.	B155487446
Marcos Atrio Domínguez	44450729D
Concello do Saviñao	P2705800G
Concello de Cerdedo	P3601100E
Concello de Oza-Cesuras	P1500029B
Concello de Cariño	P1509500C
Concello de Oroso	P1506100E

